



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA  
5 DE MAIO DE 2020**

Na Casa da Cultura da Laracha, a cinco de maio de dous mil vinte, sendo as trece horas e trinta e seis minutos, baixo a presidencia do sr. alcalde, José Manuel López Varela, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

**PRESIDENTE**

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

**CONCELLEIROS**

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ROCÍO LÓPEZ REY

PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO

ADELINA LISTE MONELOS

CRISTINA VIEITES CALVO

PABLO CAMBÓN BÉRTOA

BEGOÑA DOMÍNGUEZ PATIÑO

MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ CASTIÑEIRA

ALBA DOLORES TOBA FERREIRO

JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS

MARÍA PILAR NEIRA MARTÍNEZ

XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Asiste como secretaria, a da Corporación, Lucía Barreiro Angeriz, que da fe do acto.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Asiste o interventor da Corporación, Eduardo Mera Rico.

O sr. alcalde abre o acto indicando que, a pesar do estado de alarma actual no que se atopa o país debido a Crise Sanitaria da Covid-19, e estar aconsellado a non celebración presencial de reunións, debido a que o lugar de celebración, a Casa de Cultura da Laracha, está preparada para poder levar a cabo o Pleno presencialmente con todas as medidas de hixiene recomendadas polo Ministerio de Sanidade, realizase o mesmo deste xeito.

Gardase un minuto de silencio por todas as vítimas orixinados pola COVID-19.

A continuación procedese ao exame do asunto comprendido na Orde do Día:

## 1.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO-SUPLMENTO DE CRÉDITO 01-2020

A secretaria da lectura da proposta de alcaldía referente ao asunto:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario-suplemento de crédito 01-2020), considerando que se trata de necesidades urxentes e inaprazables, e tendo en conta a Liquidación do Orzamento do Concello do ano 2019 da que resulta un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais positivo co que se financia a modificación, acrecentando en 898.210,93 euros e dotando de crédito por 221.495,24 euros nas aplicacións orzamentarias que se detallan:

### SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	INCREMENTO PROPOSTO	DESCRIPCIÓN
130.221.04	3.500,00	Seguridade, Vestiario
135.489.01	10.000,00	Protección civil, subvención nominativa
161.619.00	79.337,82	Abastecemento de auga, investimentos de reposición
165.619.00	39.589,04	Alumeado público, investimentos de reposición
171.619.01	12.000,00	Parques e xardíns, investimentos de reposición
231.622.00	64.795,00	Asistencia social primaria, Investimentos novos en edificios
1531.619.00	244.253,63	Acceso a núcleos, investimentos de reposición
1532.619.00	426.735,44	Pavimentación vías públicas, investimentos reposición
1621.623.00	18.000,00	Recollida de lixo, maquinaria, instalacións e utillaxe

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)**TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....898.210,93 €****CRÉDITO EXTRAORDINARIO:**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>INCREMENTO PROPOSTO</b>	<b>DESCRICIÓN</b>
160.619.00	39.995,24	Sumidoiros, investimentos de reposición
231.625.00	40.000,00	Asistencia social primaria, mobiliario
323.600.00	105.000,00	Centros docentes de educación infantil e primaria, investimento novo terreos
323.632.00	11.500,00	Centros docentes de educación infantil e primaria, investimentos de reposición
333.632.00	7.000,00	Equipamentos culturais e museos, investimentos de reposición
1532.625.00	18.000,00	Pavimentación vías públicas, mobiliario

**TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO.....221.495,24 €****FONTES DE FINANCIAMENTO:****REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS: 1.119.706,17 €**

**SEGUNDO.-** Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles o expediente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

**TERCEIRO.-** Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

**CUARTO.-** Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación de créditos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

**QUINTO.-** Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.”



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O sr. alcalde indica que o Grupo do Partido Popular presenta unha Enmenda a este acordo, da cal dá lectura:

*“Na Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas celebrada o 29 de abril foi sometido a ditame o expediente de crédito extraordinario-suplemento de crédito 01-2020 que se elevou ao Pleno extraordinario do 5 de maio para a súa aprobación inicial. Propoñíase incorporar aos orzamentos municipais a cantidade de 1.119.706,17 euros, a financiar con parte do remanente líquido de tesourería dispoñible, para facer fronte a proxectos de investimento en infraestruturas públicas, compra de terreos, adquisición de material e actuacións de mantemento, entre outras.*

*Unha das obras previstas é a ampliación dunha das vías principais da parroquia de Montemaior, que é a que comunica A Baiuca con Propeste dando acceso ao núcleo de Santa Margarida desde a estrada provincial DP-2404. O proxecto ten un orzamento de 220.143,94 euros, partida recollida no expediente que foi ditaminado na aplicación orzamentaria 1531.61900 como suplemento de crédito.*

*Por outra banda, o goberno local da Laracha ten previsto anunciar en breve un Plan municipal de axudas dirixidas ao fomento do emprego ante a situación actual do mercado laboral derivada da alerta sanitaria do Covid-19.*

*Para o financiamento de dito Plan municipal proponse que a partida orzamentaria inicialmente prevista para a actuación da mellora da estrada na parroquia de Montemaior pase a incluírse como crédito extraordinario na aplicación orzamentaria 241.47000.*

*A proposta faise considerando a urxencia das medidas do Plan municipal de axudas dirixidas ao fomento do emprego e a posibilidade de aprazar o proxecto na parroquia de Montemaior, que será incluído para a súa execución noutros programas de investimento en infraestruturas ao longo deste ano ou ben con cargo aos orzamentos municipais do próximo exercicio.*

*Polo exposto, proponse a aprobación da seguinte **EMENDA**:*



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*Os 220.143,94 euros recollidos no expediente que foi ditaminado na aplicación orzamentaria 1531.61900 como suplemento de crédito, inicialmente previstos para o financiamento da ampliación da estrada entre A Baiuca e Propeste, pasarán a incluírse como crédito extraordinario na aplicación 241.47000 para financiar o Plan municipal de axudas dirixidas ao fomento do emprego ante a situación actual do mercado laboral derivada da alerta sanitaria do Covid-19.”*

Dáse paso ás intervencións:

O representante do grupo do BNG, Xoán Manoel Sande Muñíz, indica que lle parece ben a enmenda presentada polo PP, xa que era unha mágoa non introducir este tipo de axudas. Descoñecendo as bases destas axudas sinala que votan a favor, as obras poden esperar ao seu momento, e polo tanto apoian a enmenda.

A representante do grupo do PSOE, María Palomi Rodríguez Castiñeiras, indica que se alegra de se presenten este tipo de axudas por parte do Goberno municipal, e sinala que lle gustaría que todos os grupos municipais puidesen facer propostas de axudas para paliar a crise orixinada pola Covid-19 ben, por medio de grupos de traballo, mesas ou propostas, é dicir, debater en conxunto polo ben da sociedade.

O sr. alcalde, José Manuel López Varela, indica que as obras que se integraron no suplemento de crédito que se pretende aprobar tamén xeneran emprego pero que hai que aprobar axudas para outros sectores que o están a pasar mal nestes momentos. Ademais indica que se van a realizar axustes noutras partidas do Orzamento do Concello para o ano 2020 para poder aumentar o gasto en axudas.

Ao respecto do solicitado por parte do Grupo do PSOE sinala que se poderán facer propostas ás bases das axudas. Estas bases deberan ir en consonancia coas liñas de axudas e co indicado por parte do Goberno Central e a Xunta de Galicia, ir vendo como vai a recuperación da economía e así poder desviar fondos públicos do Goberno Local. Nun principio é de 220.000 euros pero teñense que facer mais axustes noutras partidas, como por exemplo na das Festas, as cales moitas delas non se poderán realizar.

Indica que por parte da Deputación Provincial da Coruña xa se incluíu no POS unha partida vinculada a Gastos Sociais orixinados pola Crise da Covid-19.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Volve a tomar a palabra o representante do BNG, o cal sinala que está de acordo con desviar fondos das partidas das festas ou das subvencións nominativas para o fondo das liñas de axuda para a crise da Covid-19.

O sr. alcalde indica que hai outras partidas que tamén se deberán reforzar, como por exemplo a de Emerxencias Sociais, que actualmente é de 25.000 euros.

A representante do PSOE sinalan que formularon nunha petición presentada o día 30 de abril no rexistro do Concello, varias medidas para axudar a paliar á Crise da Covid-19, e entre elas con respecto ás subvencións nominativas e as actividades deportivas e culturais, non recortar en gran medida ás entidades as axudas que ían recibir do Concello. O sr. alcalde indica que hai que reaxustar estas axudas, xa as competicións están paradas, polo tanto os gastos non son os mesmos, e agora mesmo hai outras prioridades. María Palomi Rodríguez sinala a posibilidade de facer un estudo de cada caso, ao que sr. alcalde contesta que así se fará e hai que esperar a ver como van as distintas fases da pandemia, e que nestes momentos lle preocupa mais o sector educativo, por exemplo, que os equipos federados.

O grupo municipal do PSOE pregunta ao sr. alcalde si o goberno municipal ten pensado seguir utilizando o remanente para paliar a Crise da Covid-19 ou valora outras opcións. O sr. alcalde sinala que se vai utilizar o remanente, axudas de outras administracións e incorporar fondos de outras partidas, ademais de utilizar as baixas das licitacións das contratacións. María Palomi pregunta si hai a posibilidade de unha reformulación dos Orzamentos do 2020 ao que o sr. alcalde responde que se irán facendo cambios segundo van indo as cousas.

O sr. alcalde aproveita para dar as grazas a Protección Civil pola labor realizada neste tempo de Estado de alarma e indica que nos pasados días se realizaron controis nos dous centros de maiores do Concello, no público e no privado, e que actualmente non hai ningún caso activo.

Tamén agradece as donacións realizadas por diferentes entidades e empresas, tanto de material de protección como de alimentos.

O BNG toma a palabra indicando que respecto ao sector educativo debería axudarse a aquelas familias con baixos recursos co préstamo de ordenadores para poder seguir o curso escolar. O sr. alcalde sinala



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

que a Xunta, a través dos centros escolares, estase ocupando de ese tema, pero que chegado o caso, o Concello tamén alugaría equipos para aqueles ou aquelas estudantes que así o precisen.

O PSOE pregunta si o organicamente o Concello funciona con normalidade, ao que o sr. alcalde responde que si, que desde a semana pasada se están a celebrar as Xuntas de Goberno Local e que se celebrará o Pleno ordinario e as súas comisións a finais de este mes coas medidas hixiénicas e de seguridade oportunas.

Rematadas as intervencións, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, aprobándose por unanimidade de todos os/as concelleiros/as dos grupos municipais (BNG; PSOE e PP) tanto á proposta da alcaldía do punto da Orde do día como a enmenda presentada polo PP.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as 14 horas e 08 minutos, da que como secretaria estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao Sr. alcalde